

IBERGRID 2010, A CONFERENCIA HISPANO-LUSA DE GRID E SUPERCOMPUTACIÓN, CELEBRASE O VINDEIRO LUNS EN BRAGA

Santiago de Compostela, 21 de Maio, 2010.- Baixo o lema "*Bridging the gap between European e-Science and Iberian America*" IBERGRID'2010 celébrase este ano na Universidade de Minho, en Braga, entre os días 24 de Maio e 28 Maio, organizado pola propia Universidade de Minho en cooperación co Centro de Supercomputación de Galicia, CESGA, de Santiago de Compostela e coa Universidade de Porto. O Programa inclúe unha conferencia internacional con varias Sesións Temáticas Paralelas, as II Xornadas de Supercomputación, organizadas polo CESGA e un Tutorial dun día con sesións de "hands-on", para o adestramento no acceso a recursos HPC a través da Grid Portuguesa (INGRID) e Ibérica, incluíndo recursos de visualización remota na Universidade de Texas en Austin.

IBERGRID'2010 é unha excelente oportunidade para reunir unha comunidade máis ampla de académicos, investigadores, estudantes, especialistas da industria e profesionais en todos os ramos do coñecemento que comparten unha necesidade común, en termos de recursos: de computación, de visualización e/ou de almacenamento.

A Conferencia comeza na tarde do día 24 cunha sesión de benvinda que contará coa intervención de António Cunha (Reitor da Universidade de Minho), Mariano Gago (Ministro da Ciencia, Tecnoloxía e Ensino Superior), José Manuel Fernández Labastida (director General de Investigación e Xestión do Plan nacional de I+D+i de España), Mário Campolargo (Director de Tecnoloxías Emerxentes e Infraestruturas da DG INFSO, EU), Luís Magalhães (Presidente da Axencia para a Sociedade do Coñecemento, UMIC) e Vicente Hernández (Coordinador Científico da Rede Española de e-Ciencia). Os días seguintes inclúen conferencias de investigadores invitados, nas sesións temáticas e a presentación das comunicacións científicas seleccionadas por unha comisión internacional de investigadores reputados.

A 2ª edición das **Xornadas de Supercomputación**, organizadas polo CESGA, está programada para a tarde de xoves 27 de Maio, mentres que o venres 28 de Maio está reservado para accións de formación e actividades prácticas e experimentais, co apoio do Laboratorio de Instrumentación e Física Experimental de Partículas (LIP, co tema EGEE/INGRID), do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA, abordando o FinisTerra SMP) e de Texas Advanced Computing Center/University of Texas in Austin (TACC/UTA, sobre o cluster GPU para Análise de Datos e Visualización Remota).

Destacar que a participación dos técnicos e investigadores do CESGA é moi intensa nesta conferencia, presentando máis de 8 conferencias, entre as que se encontra O Portal de Métricas: unha ferramenta para recoller estatísticas das operacións de EGEE", que é o software deseñado polo CESGA e que se está a empregar no CERN para medir a recollida de datos do LHC.

IBERGRID'2010 é a 4ª edición dunha serie de "Iberian Grid Infrastructure Conferences" iniciada en 2007, no marco do acordo bilateral para a Ciencia e

IBERGRID

4thiberian grid infrastructure conference

Tecnoloxía, asinado en Novembro de 2005 polos gobernos de Portugal e de España. O obxectivo principal daqueles logros foi constituír un fórum, onde os avances no desenvolvemento da rede de infraestruturas, tecnoloxías e aplicacións poidan ser discutidas polos principais actores na Península Ibérica e en América Latina. Preténdese desta forma, impulsar a construción dunha infraestrutura Ibérica común de e-Science e fomentar a cooperación nos dominios da computación en Grid e da super-computación.

Máis información:

<http://www.ibergrid.eu/2010/>
info2010@ibergrid.eu.

Alberto Proença (U. Minho)
António Pina (U. Minho)
Javier Tobio (CESGA, Galicia)
Lígia Ribeiro (U. Porto)
Conference Chairs